

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2008.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DEZ HORAS E CINCUENTA MINUTOS** do día **DEZASEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D<sup>o</sup> GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1<sup>o</sup>.- ACTAS ANTERIORES.-**

**2<sup>o</sup>.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**3<sup>o</sup>.- CONTRATACIÓN.-**

**4<sup>o</sup>.- SUBVENCÍONS.-**

**5<sup>o</sup>.- URBANISMO.-**

**6<sup>o</sup>.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1<sup>o</sup>.- ACTAS ANTERIORES.-**

Non hai asuntos que tratar.

**2<sup>o</sup>.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2.1.-** Escrito do Instituto Nacional de Estadísticas, Rexistro de Entrada nº 6361, de data 11 de decembro de 2008, comunicando que a cifra de poboación resultante na revisión do Padrón municipal, referidas ó 1 de xaneiro de 2008 é de 9.166 habitantes.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.2.-** Escrito da Comunidade de Propietarios do Edificio “Nova Silleda” sito na rúa Emilio Alonso Paz, nº 7 de Silleda, solicitando autorización para o pintado da linea amarela

de vado para propiciar un normal acceso dos vehículos dos propietarios dos inmobles ó sótano con destino a garaxe do mencionado edificio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local do Concello para que informen sobre esta petición.

**2.3.-** Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6253, de data 05 de decembro de 2008, expediente DH.A36.11597 a nome de Dº Eladio Moreira Mera, remitindo resolución de data 27 de novembro de 2008 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas de dous mananciais situados no lugar de Rabo de Gato, parroquia de Moalde (Silleda) cun caudal medio de auga de 0,07 litros/segundo, para uso doméstico e rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.4.-** Escrito da Sociedade Galega de Historia Natural, Rexistro de Entrada nº 6268, de data 05 de decembro de 2008, solicitando que por parte do Concello se extreme a vixilancia en mercados e outros lugares comerciais co obxecto de contrala-la venda ilegal de Acibo así como a Xilbardeira.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.5.-** Escrito da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 6271, de data 05 de decembro de 2008, remitindo informe elaborado pola Comandancia da Garda Civil en Pontevedra, sobre tenencia, uso e custodia de armas de fogo por Policía Locais.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.6.-** Escrito do Presidente da Mancomunidade Terras de Deza, Rexistro de Entrada nº 6323, de data 09 de decembro de 2008, solicitando o ingreso da parte correspondente o Concello de Silleda na Mancomunidade, a cal ascende a cantidade de 22.200,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.7.-** Escrito de Dº Manuel Varela Penide, Rexistro de Entrada nº 6313, de data 09 de decembro de 2008, solicitando información sobre camino invadido por un edificio de nova construción realizado pola empresa MyG 1885, S.L. en Bandeira, nas proximidades da súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, por unaimidade, acorda dar traslado deste escrito á Oficina Técnica Municipal para que procedan a emitir informe sobre os feitos denunciados.

### **3º.- CONTRATACIÓN.-**

**3.1.-** Dase conta do proxecto da obra de “Proxecto de melloras na Rede de

Abastecemento de Núcleos Rurais no Concello de Silleda - Núcleos de Taboada Vella e Reboredo” de data novembro de 2.008, con un importe que ascende a 121.242,21 euros (Cento vinteún mil douscentos cuarenta e dous con vinteún céntimos) IVA incluído.

Visto que o sinalado proxecto de obras non está previsto no orzamento municipal, a aprobación do proxecto será competencia do Pleno, de conformidade co disposto no artigo 22.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local.

Visto sin embargo que se trata dunha competencia delegada na Xunta de Goberno Local, en virtude do acordo plenario adoptado na sesión de data 13 de xullo de 2.007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o proxecto de obra de “Proxecto de melloras na Rede de Abastecemento de Núcleos Rurais no Concello de Silleda - Núcleos de Taboada Vella e Reboredo” de data novembro de 2.008

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ó Ministerio de Administracións Públicas (MAP) ós efectos de que a sinalada obra poida ser financiada a través do Fondo Estatal de Inversión Local.

**3.2.-** Dase conta do proxecto de obra de “Mellora e acondicionamento da rúa Emilio Alonso Paz” de data decembro de 2.008, con un importe que ascende a 118.883,00 euros (Cento dezaoto mil oitocentos oitenta e tres euros) IVA incluído.

Visto que o sinalado proxecto de obras non está previsto no orzamento municipal, a aprobación do proxecto será competencia do Pleno, de conformidade co disposto no artigo 22.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local.

Visto sin embargo que se trata dunha competencia delegada na Xunta de Goberno Local, en virtude do acordo plenario adoptado na sesión de data 13 de xullo de 2.007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o proxecto de obra de “Mellora e acondicionamento da rúa Emilio Alonso Paz” de data decembro de 2.008.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ó Ministerio de Administracións Públicas (MAP) ós efectos de que a sinalada obra poida ser financiada a través do Fondo Estatal de Inversión Local.

**3.3.-** Dase conta do proxecto de obra de “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” de data decembro de 2.008, con un importe que ascende a 465.376,07 euros (Catrocentos sesenta e cinco mil trescentos setenta e seis euros con sete céntimos) IVA incluído.

Visto que, dado que a cuantía do contrato de obras é superior a 350.000 euros,

deberase solicitar un informe das correspondentes oficinas ou unidades de supervisión dos proxectos encargadas de verificar que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulten de aplicación para cada tipo de proxecto, de conformidade co disposto no artigo 109 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Visto que o sinalado proxecto de obras non está previsto no presuposto municipal, a aprobación do proxecto será competencia do Pleno, de conformidade co disposto no artigo 22.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local.

Visto sin embargo que se trata dunha competencia delegada na Xunta de Goberno Local, en virtude do acordo plenario adoptado na sesión de data 13 de xullo de 2.007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o proxecto de obra de “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” de data decembro de 2.008.

**SEGUNDO:** Solicitar a supervisión do proxecto de obras á Oficina ou Unidade de Supervisión, de conformidade co disposto no artigo 109 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

**TERCEIRO:** Notificar o presente acordo ó Ministerio de Administracións Públicas (MAP) ós efectos de que a sinalada obra poida ser financiada a través do Fondo Estatal de Inversión Local.

**3.4.-** Dase conta do proxecto de obra de “Mellora e acondicionamento de rúa Santa Olaia de Silleda” de data decembro de 2.008, con un importe que asciende a 111.684,80 euros (Cento once mil seiscientos oitenta e catro euros con oitenta céntimos) IVA incluído.

Visto que o sinalado proxecto de obras non está previsto no presuposto municipal, a aprobación do proxecto será competencia do Pleno, de conformidade co disposto no artigo 22.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local.

Visto sin embargo que se trata dunha competencia delegada na Xunta de Goberno Local, en virtude do acordo plenario adoptado na sesión de data 13 de xullo de 2.007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o proxecto de obra de “Mellora e acondicionamento de rúa Santa Olaia de Silleda” de data decembro de 2.008.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ó Ministerio de Administracións Públicas (MAP) ós efectos de que a sinalada obra poida ser financiada a través do Fondo Estatal de Inversión Local.

**3.5.-** Vista a necesidade deste Concello de contratar a realización do proxecto denominado “Mellora e Acondicionamento da Praza da rúa Morón” cun prezo que ascende á cantidade de 3.875,00 euros, e 620,00 euros de IVE., así como a súa dirección de obra.

Visto que con data 15 de decembro de 2008, emitiuse certificado de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato.

Visto que con data 15 de decembro de 2008, emitiuse Informe-Proposta de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade acorda:

**PRIMEIRO.** Levar a cabo a a realización do proxecto denominado “Mellora e Acondicionamento da Praza da rúa Morón” mediante o procedemento do contrato menor, coa empresa Fernández Pena Gestión Técnica de Obra, S.L. por un importe de 3.875,00 euros, e 620,00 euros de IVE., así como a súa dirección de obra.

**SEGUNDO.** Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida 121.227.06 do vixente Orzamento

**TERCEIRO.** Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

**CUARTO.** Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da sinatura da Resolución.

**3.6.-** Vista a necesidade deste Concello de contratar a realización do proxecto denominado “Mellora e Acondicionamento da Rúa G” cun prezo que ascende á cantidade de 2.785,00 euros, e 445,60 euros de IVE, así como a súa dirección de obra.

Visto que con data 15 de decembro de 2008, emitiuse certificado de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato.

Visto que con data 15 de decembro de 2008, emitiuse Informe-Proposta de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Levar a cabo a a realización do proxecto denominado “Mellora e Acondicionamento da Rúa G” mediante o procedemento do contrato menor, co Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez por un importe de 2.785,00 euros, e 445,60 euros de IVE, así como a súa dirección de obra

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida 121.227.06 do vixente Orzamento

TERCEIRO. Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

CUARTO. Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da sinatura da Resolución.

**3.7.-** Vista a necesidade deste Concello de contratar a realización do proxecto denominado “Acondicionamento da Praza de Benito Rivas” cun prezo que ascende á cantidade de 2.085,00 euros, e 333,60 euros de IVE, así como a súa dirección de obra.

Visto que con data 15 de decembro de 2008, emitíuse certificado de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato.

Visto que con data 15 de decembro de 2008, emitíuse Informe-Proposta de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Levar a cabo a a realización do proxecto denominado “Acondicionamento da Praza de Benito Rivas” mediante o procedemento do contrato menor, co Arquitecto Técnico Dº Luis Llorente Taboada por un importe de 2.085,00 euros, e 333,60 euros de IVE, así como a súa dirección de obra.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida 121.227.06 do vixente Orzamento

TERCEIRO. Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

CUARTO. Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da sinatura da Resolución.

**3.8.-** Visto que en data 16 de novembro de 2.007 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a Dona Carmen González Gómez o contrato de consultoría e asistencia xurídica deste Concello por un período dun ano e por importe de 26.448,00 □□□, IVA incluído

Visto que o sinalado contrato finalizará no presente mes de decembro, e o prazo para a tramitación do procedemento para a adxudicación dun novo contrato será aproximadamente dun mes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Aprobar a prórroga do contrato de consultoría e asistencia xurídica por un período de un mes e por importe de 2.204,00 euros IVE incluído.

**3.9.-** Dada a necesidade deste Concello de contratar o servizo de asistencia xurídica por finalizar o actual contrato no vindeiro mes de xaneiro de 2.009

Visto que prezo do contrato ascendería á cantidade de 24.000,00 euros IVE incluído.

Dada a característica do servizo parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade, por todo elo,

**PRIMEIRO.** Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato do servizo de asistencia xurídica por procedemento negociado sen publicidade.

**SEGUNDO.** Que se redacten os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.

**TERCEIRO.** Que polo Interventor se faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato, se emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto, e se emita informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

**CUARTO.** Que por Secretaría se informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

#### **4º.- SUBVENCIONES.-**

**4.1.- “CAPTACIÓN E DEPÓSITO DE AUGAS PARA USO DOMÉSTICO EN SIADOR” do PSA 06-08.**

Dase conta pola Sra. Presidenta da certificación nº Un, de data 30 de novembro de 2.008, polo importe de 16.000,00 □□□, correspondente a obra “CAPTACIÓN E DEPÓSITO DE AUGAS PARA USO DOMÉSTICO EN SIADOR”, executada por EXCAVACIONES BENITO, S.L.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Un da obra “CAPTACIÓN E DEPÓSITO DE AUGAS PARA USO DOMÉSTICO EN SIADOR”, por importe de 16.000,00 €, asinada polo Enxeñeiro Técnico - Director das Obras, Dº. Roberto Estévez Vázquez.

2º.- Aprobar a seguinte factura correspondente a esta certificación:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
30 11 08	257	Excavaciones Benito S.L.	16.000,00 €

#### **4.2.- “CAPTACIÓN E DEPÓSITO DE AUGAS PARA USO DOMÉSTICO EN SIADOR” do PSA 06-08.**

Dase conta pola Sra. Presidenta da certificación nº Dous, de data 30 de novembro de 2.008, polo importe de 24.000,00 €, correspondente a obra “CAPTACIÓN E DEPÓSITO DE AUGAS PARA USO DOMÉSTICO EN SIADOR”, executada por EXCAVACIONES BENITO, S.L.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Dous da obra “CAPTACIÓN E DEPÓSITO DE AUGAS PARA USO DOMÉSTICO EN SIADOR”, por importe de 24.000,00 €, asinada polo Enxeñeiro Técnico - Director das Obras, Dº. Roberto Estévez Vázquez.

2º.- Aprobar a seguinte factura correspondente a esta certificación:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
30 11 08	258	Excavaciones Benito S.L.	24.000,00 €

**4.3.-** Escrito do Servizo de Cooperación da Excmá Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 6292, de data 09 de decembro de 2008, remitindo resolución mediante a cal se presta aprobación á certificación número Dous da obra “Abastecemento de Auga en Corrospedriños, Mánduas e Cortegada”, nº 105/1113 do Programa de Saneamento e Abastecemento de Augas nos Pequenos Núcleos Rurais 2006-08 (PSA 2006-08), así como declara o abono a favor do Concello de Silleda da cantidade de 17.924,73 €.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**4.4.-** Escrito do Servizo de Cooperación da Excmá Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 6291, de data 09 de decembro de 2008, remitindo resolución mediante a cal se presta aprobación á certificación número Dous da obra “Abastecemento de Auga en Taboada, Margaride e Piñeiro”, nº 103/1184 do Programa de Saneamento e Abastecemento de Augas nos Pequenos Núcleos Rurais 2006-08 (PSA 2006-08), así como declara o abono a favor do Concello de Silleda da cantidade de 38.804,25 □□□.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**4.5.- “MELLORA DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN, E PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA: GALÁN (LARO), A LAXE (OLEIROS), CORTEGADA, TABOADA, SAN FIZ, ESCUADRO, CHAPA, MANDUAS, LAMELA” do PPC.**

Dase conta pola Sra. Presidenta da certificación nº Dous, de data 05 de novembro de 2.008, polo importe de 47.415,87 □□□, correspondente a obra “MELLORA DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN, E PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA: GALÁN (LARO), A LAXE (OLEIROS), CORTEGADA, TABOADA, SAN FIZ, ESCUADRO, CHAPA, MANDUAS, LAMELA”, executada por TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P., S.L.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Dous da obra “MELLORA DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN, E PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA: GALÁN (LARO), A LAXE (OLEIROS), CORTEGADA, TABOADA, SAN FIZ, ESCUADRO, CHAPA, MANDUAS, LAMELA”, por importe de 47.415,87 □□□, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal- Director das Obras, Dº. José Antonio Presas Ferreiro.

2º.- Aprobar a seguinte factura correspondente a esta certificación:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
06 11 08	48/08C	Transportes y Maquinaria C.P., S.L.	47.415,87 □□□

4º.- Aproba-lo endoso desta certificación a favor da entidade Caixa D’Estalvis de Catalunya.

**4.6.-** Dase conta da factura presentada por Asociación Seminario Estudios Socioeconómicos de Pontevedra Carlos Verlasco, nº 12/2008, de data 04 de decembro de 2008, en concepto de “Estudo e Intervención Social - Potencialidades Económicas e Creación de Emprego no Concello de Silleda”, ascendendo a mesma a cantidade de 17.171,00 □□□ (IVA incluído).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a esta factura.

## **5º.- URBANISMO.-**

**5.1.-** Dase conta do informe elaborado polo aparelador municipal D. José Antonio Presas Ferreiro de data 12 de decembro de 2.008, que literalmente dí o seguinte:

*Visto el Acuerdo de la Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada el día 28 de abril de 2.008, en el que literalmente consta:*

*"Solicitar ó departamento de urbanismo a emisión de informe técnico sobre a situación do camino público situado nas proximidades do lugar de Goris, parroquia de Lamela, entre as parcelas 1481 e 1483 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, ós efectos de determinar si procede continuar a tramitación do expediente de desafectación do mesmo, iniciado mediante acordo plenario de data 24 de novembro de 2005."*

### **INFORMO LO SIGUIENTE:**

*Desde el punto de vista del Técnico que suscribe, no se aprecia ningún inconveniente a que se proceda a continuar la tramitación del expediente de desafectación del camino de uso público, situado en las proximidades del lugar de Goris - Parroquia de Lamela, entre las parcelas de concentración parcelaria números:*

- 1.481: Propiedad de dona Ofelia Costa.*
- y 1.483: Propiedad de don Antonio Colmeiro Pereiras*

*Teniendo en cuenta, que no se han producido variaciones en el citado camino, es decir, sigue tal como estaba (en desuso, sin pavimentación y sin ancho que permitiese el paso de vehículos), desde que se ha iniciado (aproximadamente en el año 2.005), por lo que se estima conveniente y oportuno, proceder a la tramitación citada."*

Visto que polo pleno municipal foi tramitado o expediente de desafectación do sinalado camiño público sito na parroquia de Lamela, a carón do lindeiro oeste da parcela nº 1483 da zona de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, aprobándose inicialmente en sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2.005 e aprobándose definitivamente tal desafectación mediante acordo plenario de 31 de marzo de 2.006.

Visto que o acordo de aprobación definitiva adoptado na sesión do 31 de marzo de 2.006 foi anulado e revocado por sentenza dictada en data 8 de outubro de 2.007 polo Xulgado do contencioso administrativo número 1 de Pontevedra por ausencia na motivación da resolución recurrida do obrigado xuízo de oportunidade e o servizo ó interese xeral do acordo de desafectación.

Visto o escrito de Dº Antonio Colmeiro Pereiras, Rexistro de Entrada nº 1601, de data

02 de abril de 2008, solicitando alteración de calificación jurídica do camiño público situado nas proximidades do lugar de Gorís, parroquia de Lamela, entre as parcelas 1481 e 1483 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, cambiando sua calificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial, en base os artigos 7.1 e 7.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e segundo o artigo 115 do mencionado Regulamento se acorde a enaxenación a favor do solicitante da parcela sobrante descrita anteriormente.

Visto que segundo o informe de secretaría emitido en data, e de conformidade co fallo da sentenza dictada en data 8 de outubro de 2.007 polo Xulgado do contencioso administrativo número 1 de Pontevedra, non procedería iniciar novamente o procedemento de desafectación do camiño sito na parroquia de Lamela, a carón do lindeiro oeste da parcela nº 1483 da zona de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro desde o principio, por entenderse vixente o acordo de desafectación inicial adoptado na sesión plenaria de data 24 de novembro de 2.005; correspondendo, en consecuencia, en caso de que goberno municipal decidira continuar a tramitación do expediente, someter á decisión do pleno a resolución das alegacións realizadas por Dona Ofelia Costa Penide en data 31 de xaneiro de 2.006 e o pronunciamento sobre a aprobación definitiva da desafectación do camiño, debendo motivarse debidamente as razóns que xustifican tal decisión, acreditándose a oportunidade do cambio de calificación do ben municipal e concretando a proxección positiva sobre o interese xeral que tal acordo comporta.

Visto que, de conformidade co disposto no informe técnico de 12 de decembro de 2.008 non se produciron variacións nas características do citado camiño desde o ano 2.005, polo que as razóns que xustifican a oportunidade de proceder á desafectación do camiño a data de hoxe son as mesmas que xustificaron a oportunidade da desafectación tramitada no ano 2.005, sendo tales razóns de oportunidade que o camiño está en desuso e non cumpre coa súa función esencial propia de este tipo de bens, debido a súa ubicación entre dúas propiedades privadas, sin que o camiño leve a ningures, e os propietarios das dúas fincas que lindan co mesmo teñen garantido o acceso ás súas propiedades por outras vías.

Visto que, de conformidade coa sentenza dictada en data 8 de outubro de 2.007 polo Xulgado do contencioso administrativo número 1 de Pontevedra as razóns que xustificaron a oportunidade do expediente de desafectación do camiño sito a carón do lindeiro oeste da parcela nº 1483 da zona de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, expostas no apartado anterior, non son suficientes para motivar a oportunidade da desafectación, dando debido cumprimento o artigo 81 Ley 7/1985 de 2 de abril. Reguladora das Bases do Réximen Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO:** Non continuar a tramitación do expediente de desafectación do camiño sito na parroquia de Lamela, a carón do lindeiro oeste da parcela nº 1483 da zona de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro desde o principio, por considerar que non hai causas suficientes que permitan motivar debidamente a oportunidade da desafectación e a súa utilidade para o interese público.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo a D. Antonio Colmeiro Pereiras.

## **5.2.- Licencias de Obra Maior:**

**5.2.1.-**A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº DANIEL MIGUEZ CANABAL, con domicilio en Xestoso - Silleda.
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ:  
Rehabilitación de vivenda unifamiliar.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: paraxe denominado Carballo Longo, nas proximidades do núcleo rural da Lama, parroquia de Rellas (Silleda).
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS:  
Arquitecto Técnico Dº Luis Llorente Taboada. (Non consta dirección de obras).
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 112.386,61  (execución material)
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados nos informes do asesor técnico municipal, de data 14 de xuño de 2005, así como as indicadas pola Dirección Xeral de Urbanismo en resolución de data 16 de setembro de 2008, Rexistro de Entrada de data 03 de decembro de 2008, no que se sinala:

*“concédesse autorización previa á concesión de licenza municipal, sinalando que, de conformidade co previsto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, a perso interesada fará constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan:*

- superficie da finca:	20.629 m2.
- uso autorizado:	Vivenda.
- altura máxima:	5,60 m.
- superficie ocupada en planta:	146,74 m2
- superficie construída total:	280,86 m2
- volumen edificado total prox.:	861,62 m3

*Esta autorización queda sometida a condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 42.1a) e e) da LOUG. Para estes efectos será suficiente que o solicitante achegue ante o concello:*

- o xustificante da prestación das garantías que o concello esixa, en particular, a prestación do aval a favor de este en garantía do exacto cumprimento dos compromisos asumidos.
- a certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación total

*superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas por esta autorización (artigo 42.1.e) da LOUG en relación co disposto nos artigos 51.4 e 53.3 do Real Decreto Legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo).*

*A presente autorización outorgase sen perxuízo das licenzas e demais autorizacións esixidas por outras disposicións legais.”*

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licenza e data da licenza, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 2364/05.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 € (informe técnico) e 2.528,70 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

**5.2.2.-** Visto o expediente instruído a instancia de XESTUR PONTEVEDRA, solicitando licenza para a realización das obras comprendidas no proxecto de urbanización da Fase-2 (Marxe A) do Parque Empresarial Area-33, situado no lugar da Mera (Silleda), presentado en data 5 de marzo de 2.008, con número de rexistro de Entrada 1.106. Proxecto de urbanización redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. José P. Gosende Tuñas, visado polo correspondente Colexio Oficial en data 22 de xaneiro de 2.008.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en data 14 de outubro de 2.008 aprobou inicialmente o devandito proxecto de urbanización, someténdose o mesmo a información pública durante o prazo de 20 días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia (Nº 207, de 24 de outubro de 2.008), en un dos xornais de maior circulación da provincia.

Visto o certificado de Secretaría, no que se dispón que, no período de información pública non foron presentadas alegacións.

Visto que XESTUR PONTEVEDRA aportou a seguinte documentación, requirida no informe técnico de data 14 de outubro de 2.008 e no acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de outubro de 2.008, mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 6343, de data 10 de decembro de 2008:

1.- Oficio de Dirección das obras (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente).

2.- Presentación dunha declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a reposición total de todos os servizos urbáns danados como consecuencia das obras realizadas, de acordo coas disposicións técnicas dos servizos municipais.

3.- Presentación do compromiso de execución das obras de urbanización e de reposición total de todos os servizos danados como consecuencia das obras, de acordo coas disposicións técnicas dos Servizos Técnicos Municipais.

4.- Presentación dun aval bancario, como garantía da execución das obras de urbanización e da reposición total de todos os servizos danados como consecuencia das obras, por importe do 10% do custo total do proxecto.

Visto que o órgano municipal competente para a aprobación definitiva do proxecto de urbanización Fase-2 (Marxe A), en virtude do art. 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 abril) é o alcalde, competencia que foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante Decreto de data 06 de xullo de 2.007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar definitivamente, o proxecto de urbanización presentado por XESTUR PONTEVEDRA, para a realización das obras comprendidas no proxecto de Urbanización da Fase-2 (Marxe A) do Parque Empresarial Área-33 de Silleda, situado no lugar da Mera (Silleda) de conformidade coa documentación técnica presentada, redactada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. José P. Gosende Tuñas, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia en data 22 de xaneiro de 2.008 (referencia 24423).

2.- Conceder salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A. Plaza Maruja Mallo 1-1º. 36206.VIGO

b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Obras comprendidas no proxecto de Urbanización da Fase-2 da Marxe A do Parque Empresarial Área-33 de Silleda.

c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Parque Empresarial Area-33, lugar de A Mera, Silleda.

d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. José P. Gosende Tuñas.

e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 682.466,78 □□□.

f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico.

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº

de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. N° de Licencia 1106/08.

**5.2.3.-** Examinado o expediente promovido por D° José Rodríguez Álvarez, en representación de TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L., en virtude de instancia n° 3708 de data 15 de xullo de 2008, solicitando Licencia para rehabilitación das vivendas n° 21 e 22 do lugar de Oleiros, parroquia de Oleiros (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto D° Oscar L. Rodríguez Ramos, visado polo Colexio Oficial correspondente en data 10 de xullo de 2008, coa referencia VD083030.1.

Visto o informe do Asesor Técnico Municipal, de data 12 de decembro de 2008, a Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade acorda

1°.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal N° 3708/08 instada por D° José Rodríguez Álvarez, en representación de TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L., para rehabilitación das vivendas n° 21 e 22 do lugar de Oleiros, parroquia de Oleiros (Silleda).

2°.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servicio de Urbanismo e Inspección Territorial) para que emita Informe de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica.

**5.3.-** Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada n° 6297, de data 09 de decembro de 2008, sobre denuncia en relación á construción dunhas sepulturas no cemiterio parroquial de Saidres, no recinto da igrexa do mesmo nome, que aparece recollida no inventario do patrimonio histórico-artístico das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial de Pontevedra, carecendo as mesmas da preceptiva autorización da Consellería de Cultura, o que pode supoñer unha infracción en materia de protección do patrimonio cultural de Galicia, polo que se solicita a paralización cautelar das obras en tanto non se adopten as medidas axeitadas cara á restitución da legalidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que emitan informe sobre as obras denunciadas e se as mesmas son as que aparecen reflexadas no informe da Policía Local n° 130/08, de data 02 de maio de 2008.

## **6°.- INTERVENCIÓN.-**

**6.1.-** Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas n° 00088-08, de data 16 de decembro de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 66.933,52 € (Relación en Anexo adxunto).

## **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as doce horas, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,